


A Fundación Pública Artesanía de Galicia ten previsto participar en xaneiro do 2021 co stand institucional da marca **ARTESANÍA DE GALICIA** na feira profesional de **FORMEX** (Estocolmo) adicada ao sector do interiorismo e decoración.

A pesar da situación sanitaria derivada do Covid-19, os organizadores de FORMEX apostan pola presencialidade para a vindeira edición desta feira. Dadas as circunstancias reducirase á metade tanto o número de expositores no evento como o espazo físico do recinto adicado á exposición. Ademais estableceranse medidas como a regulación das entradas por tramos horarios para os clientes, que só poderán asistir con invitación previa para evitar aglomeracións.

A Fundación farase cargo da preparación do material promocional, da organización previa, da atención presencial no evento e tamén da xestión de pedidos, unificando o labor de embalaxe, facturación e envío. O obxectivo é dar unha imaxe sólida da marca Artesanía de Galicia tendo en conta que os pedidos dos clientes adoitan estar compostos por pezas de varios obradoiros artesáns.

Polo momento no temos previsto a participación en outros eventos profesionais internacionais presenciais pero continuaremos a labor de promoción difundindo o catálogo profesional das pezas que se presenten en Formex entre contactos e clientes nacionais e internacionais. Para isto utilizaremos a canle creada a partir da nosa presenza durante os últimos anos nas feiras profesionais do eido da decoración e do hábitat.




FORMEX, 19 – 22 xaneiro 2021

Lugar: Stockholmsmässan, Älvsjö (Estocolmo)

Durante a edición de xaneiro do 2020 Formex acolleu a máis de 200.000 visitantes profesionais e preto de 500 representantes de medios especializados. Máis de 800 expositores de diferentes países agrupáronse nun lugar único onde amosar novos produtos e atopar oportunidades de negocio de cara á tempada primaveira- verán. Formex constitúe unha cita obrigada para tendas, intermediarios e interioristas dos Países Escandinavos e tamén doutros países do norte de Europa.

Artesanía de Galicia exporá no Hall A, na zona denominada *Lifestyle Living*, adicada á decoración no ámbito do fogar.



A FUNDACIÓN PÚBLICA ARTESANÍA DE GALICIA EN FORMEX:

O traballo de preparación, asistencia e xestión de pedidos realizado pola Fundación en eventos deste tipo resúmese nos seguintes puntos:

Preparación previa.

- Elaboración dun catálogo profesional de produtos artesáns para o evento, con prezos para tendas e maioristas. Estes prezos deberán permanecer fixos para todo o ano 2021, dado que o catálogo que se presentará en Formex será o que se utilice durante o resto do ano para distribuír a través das redes de contactos da Fundación.
- Preparación do material promocional. Nesta edición a Fundación presentará todo o material en formato dixital, dado que non se poderán levar fisicamente folletos, postais nin catálogos en papel. A promoción farase en medios especializados, e tamén a través de mailing e redes sociais. Para isto elaborárase como todos os anos un dossier de prensa que conterá información sobre a marca e sobre os diferentes obradoiros, ademais de fotografías en alta resolución das pezas.

- Búsqueda de potenciais clientes e promoción do evento. Este esforzo é moi importante sobre todo nesta edición na que os visitantes só poderán entrar en Formex mediante invitación personalizada, o que requirirá unha maior organización e planificación das visitas no stand.
- Deseño do stand da marca Artesanía de Galicia, sempre en función do espacio asignado pola organización de Formex dentro do Hall A.
- Selección previa das pezas entre todas as propostas presentadas polos obradoiros, embalaxe de todo o material e transporte ata a feira.

Asistencia en feira.

- A Fundación encárgase da montaxe e desmontaxe do stand, así como da decoración e atrezzo necesario para a exposición das pezas.
- Atención personalizada aos clientes e prescriptores.
- Distribución online do catálogo de prezos e do material promocional a medios especializados, negociación dos pedidos cos clientes e xestión dos mesmos cos diferentes obradoiros implicados.

Seguimento post-feira e xestión de pedidos.

- Seguimento dos contactos realizados en Formex unha vez rematado o evento, achega online de información requirida polos clientes e polos diferentes medios de comunicación interesados en algún produto.
- Xestión de pedidos derivados deste evento. Os pedidos se xestionan de principio a fin, desde a recepción da orde ata a recepción por parte do cliente. A orde de pedido chega por mail á Fundación, momento no que contactamos cos diferentes artesáns implicados para concretar as cantidades, disipar dúbidas e poder xestionar unha única data de entrega ao cliente. Neste senso a Fundación funcionará como un intermediario sin ánimo de lucro entre os obradoiros e os prescriptores profesionais internacionais.
- Embalado pezas e reexpedición desde as oficinas da Fundación ata o destino. As pezas son embaladas cuidadosamente e enviadas xunto coa documentación requirida (dependendo dos convenios internacionais) ao cliente no país de destino. A Fundación realiza este traballo para asegurar o perfecto empaquetado, importante para a imaxe de marca, e que as pezas chegan en perfectas condicións.
- Facturación: As tendas recibirán unha única factura da Fundación co total das pezas do seu pedido, independentemente de que procedan de varios obradoiros, co fin de facilitar os trámites administrativos ás dúas partes implicadas. Os obradoiros facturarán as pezas entregadas á Fundación, cos prezos profesionais que establezan para cada peza no Anexo A + o IVE correspondente.
- Seguimento e control de calidade das pezas, xestión de posibles danos ocasionados no transporte e resolución de incidencias cos clientes

REQUISITOS PARA PARTICIPAR EN FORMEX E NO CATÁLOGO PROFESIONAL:

Requisitos dos obradoiros:

Os obradoiros deberán cumprir dous requisitos para participar nesta acción promocional:

- Ter o obradoiro rexistrado no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia.
- Ter os certificados de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social. Estes certificados terán que enviarse por mail a promocion.artesania@xunta.gal xunto co Anexo A debidamente cumplimentado.

Requisitos dos produtos:

Os produtos seleccionados deberán cumprir os seguintes requisitos:

- As pezas poden estar elaboradas con calquera tipo de material (técnico, madeira, cerámica, coiro, metal, vidro, fibras vexetais, papel...) sempre que o produto estea orientado á decoración ou ao uso funcional no fogar.
- Os produtos orientados á cociña deberán ser aptos para uso alimentario, e deberán poder lavarse no lavalouzas e ser utilizados no microondas no caso da cerámica ou vidro. Si unha peza non cumpre estes requisitos deberá facerse mención no Anexo I, para poder comunicar ao cliente interesado esta información.
- As pezas deberán cederse en depósito para a súa exposición nas feiras, e formarán parte do catálogo de Artesanía de Galicia en eventos profesionais.
- A Fundación poderá facer uso das imaxes das pezas para a promoción da marca Artesanía de Galicia ou calquera outro uso publicitario que se requira.

PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS DE PRODUCTOS PARA O CATÁLOGO:

Número de propostas por obradoiro:

Os obradoiros poderán propoñer un número ilimitado de pezas elaborados no seu obradoiro para o catálogo profesional de prezos da marca Artesanía de Galicia.

Para cada unha destas propostas deberá cubrirse unha ficha de produto, **Anexo A**, cubrindo os datos nela indicados. As fichas deberán enviarse **completamente cubertas** por correo electrónico a promocion.artesania@xunta.gal

Prezos no Anexo A:

Dado que as feiras son **profesionais**, o que se pide neste Anexo A non é o prezo a público (PVP), senón o **prezo para profesionais** (tendas, distribuidores, decoradores, arquitectos e outros) **sen o IVE**. Estes prezos deberán manterse para todos os pedidos que xurdan de cada feira e **durante todo o 2021**.

A Fundación poderá incrementar lixeiramente o prezo de cada peza no catálogo profesional (entre 0,5 e 3 €) respecto ao prezo que o artesán especifique para cada peza no anexo A, dependendo das características de cada peza (tamaño, peso, fragilidade, necesidades especiais de embalado..). Este incremento se destinará a minorar os custos totais das caixas e material de embalaxe empregado pola Fundación para embalar correctamente a mercancía de cada pedido.

Obradoiros e pezas que xa formaron parte do catálogo do 2020:

No caso de obradoiros que xa contén con pezas incluídas no catálogo utilizado durante o 2020 para feiras, solicitamos acheguen novas propostas, xa que buscamos de cara ao vindeiro ano renovar o catálogo con novos produtos.

O prazo para a presentación de propostas rematará o 22 de outubro do 2020 ás 14:00 h. Non se admitirán propostas presentadas fóra de prazo nin os Anexos cubertos incorrectamente.

SELECCIÓN DAS PEZAS:

A Fundación seleccionará as pezas que formarán o catálogo profesional da marca Artesanía de Galicia para o 2021 baseándose sobre todo en criterios de **deseño, calidade e prezo**, sempre tendo en conta que os **produtos sexan axeitados** para o mercado nos que se vai expoñer.

A selección farase buscando a harmonía entre as diferentes pezas que conformarán o catálogo co fin de crear, baixo a marca Artesanía de Galicia, un catálogo profesional ben estruturado e atractivo para os potenciais clientes profesionais. Para isto temos tamén en conta a nosa experiencia dos últimos anos nos mercados internacionais e as tendencias do sector da decoración.

A Fundación comunicará a todos os obradoiros que presenten pezas nesta convocatoria a súa inclusión ou non neste catálogo, a través do correo electrónico.

Achega e recollida das pezas seleccionadas:

As pezas que se seleccionen para a feira de FORMEX deberán ser presentadas na oficina da Fundación en Santiago antes do **5 de novembro de 2020 ás 14:00 h** para poder fotografalas de cara á elaboración do material promocional para a feira. En calquera caso a Fundación non se fará cargo dos custos de transporte das pezas desde os diferentes obradoiros ata as oficinas da Fundación.

As pezas que se expoñan en Formex deberán estar fisicamente nas oficinas da Fundación antes do **4 de xaneiro do 2021 ás 14:00 h**. No caso de non ser así as pezas non poderán viaxar no transporte co resto do material de Artesanía de Galicia.

Unha vez rematada a feira, avisaremos por correo electrónico cando as pezas estean de novo na sede da Fundación. Será o artesán o que terá que recoller as pezas que estean en depósito, ou enviar un transporte para recollelas a Santiago de Compostela.

Enderezo para a recollida e entrega das pezas:

FUNDACIÓN PÚBLICA ARTESANÍA DE GALICIA. Área Central L25 MN, 15.707 Santiago de Compostela (A Coruña)

MÁIS INFORMACIÓN

Para máis información sobre Formex podedes consultar a súa páxina web: www.formex.se

Para calquera consulta referente a esta convocatoria podedes contactar coa Fundación Pública Artesanía de Galicia no teléfono 881999173 ou ben a través do mail promocion.artesania@xunta.gal

